



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE :

7295/407

ASUNTO: CONTRATACIÓN OBRA DERRUBA
SITUACIÓN: SANTA TEGRA (RUA) Nº71 ESQUINA
CA RÚA ENRIQUE LORENZO

INFORME DAS PROPOSICIÓNS TÉCNICAS PRESENTADAS NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA DERRUBA PARCIAL DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA SANTA TEGRA Nº71, ESQUINA RÚA ENRIQUE LORENZO, DO CONCELLO DE VIGO

A Oficina de Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo achega a documentación correspondente ás propostas presentadas para a contratación da derruba parcial da edificación sita na Rúa Santa Tegra nº71, esquina Rúa Enrique Lorenzo.

As empresas admitidas a concurso son as incluídas na seguinte relación:

1. Anllar Construcciones S.L.
2. Prace, Servicios y Obras S.A.
3. Copcisa S.A.

Os aspectos a valorar por parte desta Oficina Técnica, de acordo co establecido polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rixe a contratación desta derruba, son os correspondentes ó SOBRE B, PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR.- Programa de traballo: 20 (VINTE) puntos.

Valorarase ata un máximo de VINTE (20) puntos a achega do programa de traballo a levar a cabo durante a obra, para o cal se terá en conta a proposta de desenvolvemento dos traballos a realizar, a xustificación da metodoloxía para a execución dos traballos, a súa coherencia e o bo coñecemento dos problemas a resolver.

Terá que ser un programa de traballo específico para esta obra (non se valorarán programas xenéricos), que recolla a execución dunha derruba nun edificio que conta con habitantes no seu interior nestes intres e con edificacións lindantes. Neste programa deberá terse en conta as características constructivas do inmovible, facendo unha proposta do procedemento de derruba destes elementos (tipo de maquinaria a empregar, proteccións necesarias, estudo do procedemento de actuación, etc). No mesmo se especificarán as distintas fases de execución da obra que garantan o cumprimento do prazo de execución previsto no proxecto de execución (3 meses).

A puntuación máxima de 20 puntos desglósase da seguinte forma:

- Coñecemento amosado do edificio a demoler: 5 puntos.
- Metodoloxía xustificada para a execución dos traballos a desenvolver que garanta a execución segura no prazo establecido: 15 puntos.

Unha vez examinada a documentación presentada polos concursantes relativa á proposta avaliable mediante xuízo de valor, infórmase o seguinte:



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE :

7295/407

ASUNTO: CONTRATACIÓN OBRA DERRUBA
SITUACIÓN: SANTA TEGRA (RUA) Nº71 ESQUINA
CA RÚA ENRIQUE LORENZO

1. Anllar Construcciones S.L.

- **Coñecemento amosado do edificio:** inclúe nos diversos capítulos da memoria que se achega a descrición das características constructivas do inmovble. Aínda así, non vai moito mais alá da descrición existente no proxecto. **(3 puntos).**
- **Metodoloxía xustificada para a execución dos traballos:** Procede a describi-las fases máis relevantes da demolición indicando aspectos constructivos con indicacións gráficas para cada parte dos traballos a executar. Xustifica os medios humanos e materiais a empregar nas diversas partes da obra, as afeccións a servizos existentes e as interferencias co tráfico peonil e rodado. Xustifica a execución dos traballos no prazo establecido atendendo tanto ó prazo xeral da obra coma ó prazo para a execución das dúas partes principais da mesma (reforma de corpos voados e reforma do baixo cuberta). Non achega implantación na beirarrúa nin ocupacións previstas e non achega posibles afeccións ós edificios lindantes. **(12 puntos).**

2. Prace Servicios y Obras S.A.

- **Coñecemento amosado do edificio:** a descrición do estado actual do inmovble e das súas características constructivas non conta con moito detalle, sendo unha descrición básica sen profundizar nas características constructivas que poidan condiciona-la execución da obra. **(2 puntos).**
- **Metodoloxía xustificada para a execución dos traballos:** Descrición xenérica da execución das diversas partes da obra recollendo a totalidade das obras. Non se achega xustificación dos equipos de traballo previstos nin do rendimento dos mesmos que xustifiquen a execución da obra no prazo previsto. A xustificación do cumprimento do prazo de execución é moi básica (planning por capítulos sen especificación de camiño crítico) **(9 puntos).**

3. Copcisa S.A.

- **Coñecemento amosado do edificio:** inclúe nos diversos capítulos da memoria que se achega a descrición das características constructivas do inmovble. Aínda así, non vai moito mais alá da descrición existente no proxecto. **(3 puntos).**
- **Metodoloxía xustificada para a execución dos traballos:** Procede a describi-las fases máis relevantes da demolición indicando aspectos constructivos con indicacións gráficas para cada parte dos traballos a executar. Xustifica os medios humanos e materiais a empregar nas diversas partes da obra, as afeccións a servizos existentes e as interferencias co tráfico peonil e rodado. Xustifica a execución dos traballos no prazo establecido atendendo tanto ó prazo xeral da obra coma ó prazo para a execución das dúas partes principais da mesma (reforma de corpos voados e reforma do baixo cuberta). Non achega implantación na beirarrúa nin ocupacións previstas e non achega posibles afeccións ós edificios lindantes. **(12 puntos).**



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE :

7295/407

ASUNTO: CONTRATACIÓN OBRA DERRUBA
SITUACIÓN: SANTA TEGRA (RUA) Nº71 ESQUINA
CA RÚA ENRIQUE LORENZO

PUNTUACIÓNS OBTIDAS:

En consecuencia, as puntuacións correspondentes ós diferentes subapartados e a súa valoración total serían as seguintes:

	COÑECEMENTO AMOSADO DO EDIFICIO	METODOLOXIA XUSTIFICADA	TOTAL CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR
Anllar Construcciones S.L.	3	12	15
Prace Servicios y Obras S.A.	2	9	12
Copcisa S.A.	3	12	15

Vigo, a 28 de xullo de 2014
Arquitecto Municipal


Asdo. Juan Luis Piñeiro Ferradás